

O tributo humano de Cangas ao mar (III)

Un dos sucesos máis trágicos do primeiro terzo do século XX foi o naufraxio da motora “Azaña”, en agosto de 1932



Homenaxe “Vejez del Marino” en 1927, que consistía en pagas vitalicias a seis mariñeiros xubilados. // ARQUIVO DO AUTOR

Xerardo Dasairas*

19-03-23 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/03/19/o-tributo-humano-cangas-ao-84839233.html>

A finais de xaneiro de 1927, un barco de Redondela que faenaba fronte á fabrica de Cervera, **sacou nas redes o corpo de Antonio Rodríguez de Coiro** que tiña desaparecido no mar o 22 decembro de 1926 cando pescaba na **traíñeira “Carme”**. Polo Nadal deste ano tamén tivo lugar o naufraxio da traíñeira “Teresa” de Tirán, **falecendo os tripulantes Antonio e José Rodríguez, Francisco Ramos e José Comesaña**. O 29 de xuño deste mesmo ano, a traíñeira “Paso libre” de Cangas quedou sen motor nunha zona das Cíes chamada Xuiras ás tres e media da madrugada e a forte mar reinante fíxoa encallar nas rochas. Tentando liberala, con remos e paus, **caeu ao mar o seu patrón Eduardo Lorenzo Bernárdez que se perdeu nas frías augas da noite**. O resto dos tripulantes salvarían pois un novo golpe de mar soltou o barco e inesperadamente o motor volveu funcionar, volvendo a Cangas taponando con roupas a brecha aberta. **Unha chalana con oito homes e o vapor “Antonio” de Cangas buscaron sen éxito ao patrón cuxo corpo sería atopado en Alcabre dez días despois**. Na madrugada do 18 de novembro e na altura de Cabo Silleiro, sería o vapor “María” quen perdesse nun golpe de mar a **Graciano Martínez Santaclara de 18 anos** que caeu ao mar arrastrado polo aparello cando facía garda.



O "Weiler 8" e Ángel Carracelas, veciño de Darbo que faleceu a causa da galerna.

Remigio Herbello Barreiro perecería afogado nos cantís da Costa da Vela, nos arredores do Facho, cando a comezos de febreiro de 1928 andaba na recolleita de percebes co seu cuñado que cando o foi buscar non o atopou, deducindo que a forte resaca o tiña levado mar adentro. A finais de maio deste mesmo ano, o vapor "**Que dicen?**", que fora reflatado despois do anterior accidente, foi abordado pola proa polo vapor "**Laurita**" cando estaba largando as redes na altura de Figueiro. Dous homes caeron ao mar e a un salvouno o vapor "**Cantabria 2º**" pero o outro, **Eliseo Parceros Costas de Coiro e con 17 anos, pereceu afogado**. O 22 de novembro, **Ángel Nobé, tripulante da embarcación "Eva"**, falecería do impacto contra as rochas cando andaban a pescar polbos cun forte temporal.

Xa a finais de **xaneiro de 1930, unha forte galerna afuracanada** asolaría varios días as costas e portos, producindo numerosos danos en terra e no mar. As perdas materiais foron enormes e moitas embarcacións quedaron danadas ao soltaren amarras, afectándolle pola súa situación en maior medida aos portos de Bouzas e Bueu. Numerosos barcos e motoras que saíran a faenar atopáronse en dificultades e algúns como o "**Weyler 8**", "**Constante**", "**Mª del Carmen**", "**Pionia**" (Redondela), "**Celia**" (Marín)... acabarían naufragando, sumando un sennúmero de rescates e 42 vítimas. Entre estas mortes houbo que lamentar tamén as de **Ángel Carracelas Rodríguez de Darbo, fogoneiro do "Montenegro 8"** que deixou muller e seis fillos, **Claudino González González de Darbo**, residente en Panxón e **Alejandro Barreiro Blanco**, fogoneiro, solteiro e tamén de Darbo, ambos tripulantes do "**Ángel Manuel**" e máis outro tripulante morto, enrolado no "**Montenegro 7**", do que só se soubo que era do Forte e que estaba para casar. Ademais da coincidencia de oficio e de lugar de nacemento, todos tiñan en común a extrema pobreza na que se desenvolvían as súas vidas e familias, algo moi común a todos os mariñeiros nestas datas.



A familia de José González de Darbo, falecido no naufraxio do "Pepe".

O 26 de febreiro de 1930 na altura das Sisargas colisionaron dous vapores de pesca polo mal estado do mar, afundíndose un deles, o **"Pepe"**, do que era fogoneiro o cangués de Balea, **José González González de 47 anos**. Mentres os seus compañeiros se salvaron, este foise ao fondo por terse asegurado cunha corda para que non o levasen as fortes ondas reinantes. Deixa viúva a Encarnación Fernández Lemos con seis fillos que quedaron sen o principal sustento. A finais de setembro deste ano **morreu afogado José Martínez de Darbo** cando por forte golpe de vento na vela, envorcou o bote no que andaba aos percebeos en Subrido xunto con dous compañeiros que foron recollidos por unha motora de Aldán.



Claudino Gonzalez, tripulante falecido do "Ángel Manuel".

A xeira republicana. A traíñeira "Dolores"

Xa andando os comezos de Novembro do 1931, concretamente o día 6, producírase nos baixos dos Castros en Liméns o **naufraxio da traíñeira a motor "Dolores"** con cinco tripulantes a bordo. **As vítimas serían o patrón Antonio Refojos Rodríguez O Traila de 42 anos, os seus fillos Manuel e José de 25 e 19 anos e os mariñeiros Casimiro González Tievo de 20 anos e Maximino Portela de 24.** O patrón deixaría viúva e seis fillos. Como adoitaba reaccionarse nestes casos, poríanse en marcha os mecanismos solidarios, organizándose desde o sindicato Alianza Marinera unha comisión cidadá encargada de recadar cartos para axuda das familias das vítimas que chegarían tamén desde outras asociacións sindicais e cívicas, empresas, personaxes públicos, partidos políticos e de varios **actos benéficos como o partido de futbol entre o Alondras e membros da tripulación do acoirazado "Miguel de Cervantes"** comandado por Álvaro Guitián.

Algunhas vítimas e familias da "Azaña"



Tripulantes e familias das vítimas da motora "Azaña".

A motora Azaña

O 4 de agosto do 1932, ás tres da madrugada, produciríase entre as illas de Sálvora e Ons, o **naufraxio da motora gasoleira "Azaña"** do armador José Iglesias que con **24 tripulantes** retornaba a porto cargada de sardiña. Navegaba entre mar grosa e arreciando o vento norte cando un forte refacho e unha gran onda envorcaron o barco, arrastrando o aparello a seis dos tripulantes cara ao fondo. Os dezaioito restantes nadan cara o barco xa coa quilla ao ar, asíndose e encaramándose á mesma.

Ás sete da mañá xa só ficaban catro sobreviventes, exhaustos polos embates do mar e desesperanzados ao ver como ningún barco acudía na súa axuda. Nunha extraña manobra do mar, o barco recupera a flotación e ao mesmo conseguen subir tres pois o cuarto, xa sen forzas, é arrastrado polas ondas. Ante isto, o patrón lánzase ao mar tentando rescatalo pero tamén había perecer no intento. **Os dous restantes aínda conseguirían aguantar ata as sete da mañá do sábado, transcurridas 52 horas desde o naufraxio, en que os avista o vapor noruego "Kert-Ledre" e procede ao seu rescate.** Pouco máis de dúas horas despois, serían trapasados ao **bou "Santiago Rusiñol"** que remolcaría a motora e traería aos sobreviventes a Vigo a onde chegaron ás cinco da tarde sendo recollidos logo por unha lancha que os foi buscar desde Cangas.

Vítimas motora Azaña			
Nome	Loc.	Id.	Damnificados
Antonio Iglesias Blanco	Cangas	28	Viuva
Joaquín Rodal Blanco	"	18	Pais
Manuel Rodal Blanco	"	20	Pais
Manuel Santos Portela	"	53	Viúva e 2 fillos
Francisco González Bamio	"	18	Solteiro. Nai e 3 irmáns
Ángel Soliño González	"	24	Solteiro. Pais anciáns
Francisco Vilas Giráldez	"	22	Pais e 6 irmáns
José Gallego Olivera	"	43	Viuva e 4 fillos
Benedicto Graña Fandiño	"	23	Pais
Manuel Cordeiro Bamio	"	18	Pais e 4 irmáns
Joaquín Cordeiro Bamio	"	15	"
José Graña Graña	"	43	Viuva e 5 fillos
Urbano Piñeiro Montes	"	28	Solteiro
Germán Martínez Villar	Darbo	22	Pais
Eugenio Martínez Villar	"	21	Pais
Daniel Entenza	"	-	-
José González	"	21	Recén casado
Marcelino González Pazó	"	37	Viuva e 6 fillos
Germán González Pazó	"	30	Solteiro. Avoa
Joaquín Hipólito Rodríguez	"	21	Solteiro. Nai enferma
Silvino Villar Soliño	"	25	Solteiro
Abelardo Rodal Cerqueiro	"	33	Viúva e 6 fillos

O listado co nome dos falecidos no naufraxio da motora "Azaña" e a súa familia.

Bernardino Graña (pai), nun emotivo artigo titulado **"Cangas, la nueva dolorosa del mar"** apela á solidariedade coas nais e pais anciáns ou enfermos, coas viúvas e cos fillos, denunciando asemade o estado de depauperación existente entre a gran familia mariñeira da vila. Tamén inmediatamente se organizaría un movemento prodamnificados, conformado pola Corporación municipal, o cura, o xuíz municipal, os sindicatos, a patronal, os partidos políticos, o comercio e os industriais e fabricantes para nomear **unha comisión que se encargase de recadar diñeiro para as familias das vítimas e aliviar a súa fame e miseria.** Os actos e donacións foron moitos e importantes con moita participación activa, implicándose o Ministerio de Mariña, sociedades de Vigo promovendo festivais e partidos de fútbol, chegando donativos aínda meses despois do naufraxio.

A solidariedade fronte a carencia de seguros (III)

O interese polos caladoiros, a demanda de información sobre os mesmos e a procura da mellor posta levarían moitas veces ás numerosas colisións que se detectan, sobre todo nas primeiras décadas do século XX. **Unha práctica habitual nestes tempos era o chamado “matute”, un acordo cos mariñeiros polo que estes recibían dúas de cada dez cestas de sardiña ou o importe das mesmas por parte das fábricas.** Houbo intentos de facer que esta remuneración en especie (revendible) pasase por lonxa pero os mariñeiros negaríanse pois con isto non só perderían un 5% do seu valor senón que terían que pagar o imposto municipal.

Durante a Ditadura de Primo de Rivera e coa **implantación dos pósitos de pescadores por Alfredo Saralegui en 1923**, ábrese para os asociados as Caixas de Crédito para préstamos, Mutualidade de accidentes para decesos e enfermidades e un servizo de farmacia, creándose tamén o chamado Seguro de Vejez ou de Retiro de los Trabajadores del Mar. Este seguro, en réxime obrigatorio, vai estar tutelado polo **Instituto Nacional de Previsión e dependente da Caja Central del Crédito Marítimo** que anualmente celebraba as chamadas **Homenajes a la Vejez del Marino**, onde cada Patronato Local (pósito) procedía a facer entregas de libretas de pensión e donativos. Os mesmos pósitos estableceron un chamado **Seguro Mutuo de Ahogamiento** de escasa contía pero non todos os mariñeiros estaban afiliados a estas entidades e cada vez que ocorría un naufragio, eran moitas as voces que demandaban maior seguranza no mar, aludindo á precariedade das instalacións portuarias, á falta de balizamentos na ría e á carencia de medios de salvamento, poñéndose tamén en cuestión que as autoridades permitisen a saída ao mar en condicións adversas debido á presión patronal e a necesidade dos mariñeiros.

A demanda dun buque de salvamento con base en Vigo xurdía cada vez que se producía un naufragio e demandábase das confrarías, sociedades de armadores e de mariñeiros o seu mantemento cunha aportación sacada do monte maior da pesca antes da subasta da mesma.



Xerardo Dasairas

*Veciño de Cangas e investigador

Hogares sin pan en manos de la caridad

No primeiro terzo do século vinte, a prensa era o único medio que puña en evidencia as carencias en materia de seguros do mar e denunciaba a precaria situación na que quedaban as familias dos falecidos, a penas amparados pola caridade.

Satisfecha nuestra penosa misión de informar, siquiera escuetamente, de los luctuosos sucesos que con demasiada frecuencia producen consternación en nuestros puertos, queda ahora perfilar la espantosa situación en que quedan las pobres familias de los desgraciados naufragos. Porque el patetismo del drama no está solo en la angustia de los deudos, ni aún en la muerte terrible de las víctimas.

Todo ese horror que se respira por todas partes, es unicamente un doloroso efecto de la macabra catástrofe; pero existe otra consecuencia más que terrible todavía: el infortunio de los hogares sin pan que es peor que sin padre y esposo, sin hijo, sin hermano. Viudas desamparadas, hijos hambrientos, constituyen en el triste complemento de estas desgracias irreparables.

Y templar los rigores de la desdicha que ahoga a los moradores de esas casas envueltas en la miseria es la obra de ahora. La visión de la tragedia que se desarrolla en los hogares, ha de mover los generosos afectos de todos para que los ímpetus de la solidaridad humana hagan que la mano de la caridad cure las profundas heridas abiertas en los pechos de tantos desventurados.

Un artigo de prensa da época que reflectía a situación na que quedaban as familias dos falecidos.